



Concello de Vigo
Expte. 4383/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 8/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE ABRIL DE 2024

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria del 25.03 e extraordinaria do 25.03. 2024.

Declaracións institucionais.

- 2.** Declaración Institucional 8 de abril 2022, con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano. Expte. Pleno 4347/1101.
- 3.** Toma de razón do escrito da concelleira, D^a Irene Garrido Valenzuela, adscrita ao grupo político municipal do Partido Popular, comunicando renuncia a súa acta de concelleira. Expte Pleno 4381/1101.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 4.** Dar conta da Resolución, de data 25.03.24, pola que se aproba o Marco Orzamentario para o período 2025-2027. Expte. 87/142. (Expte. Pleno 4344/1101).
- 5.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2024. Expte. 28129/541 (Expte. Pleno 4374/1101).
- 6.** Dar conta do Estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento correspondente ao primeiro trimestre do 2024, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 280/143 (Expte. Pleno 4382/1101).

URBANISMO

- 7.** Aprobación da Modificación Orzamentaria 03/24 da Xerencia Municipal de Urbanismo (Crédito Extraordinario). Expte. 16520/407 (Expte. Pleno 4346/1101).

Mocións:



Copia do documento - Concello de Vigo 4425-1101	Data impresión: 02/08/2024 10:10 CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	Páxina 1 de 38
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. Moción do grupo municipal do BNG sobre as propostas da CIG da Campaña “STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO”. Expte. Pleno 4385/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que aprobe un plan, con dotación orzamentaria, para promocionar rutas nacionais e internacionais para o Aeroporto de Vigo. Expte. 4390/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reactivar de forma urxente a “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”. Expte. 4391/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a investir na reforma de tódolos espazos dos centros educativos públicos vigueses que o precisen, poñendo en marcha un plan plurianual. Expte. 4392/1101.
12. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a eliminar o copago obrigatorio do Concello de Vigo das Escolas Infantís de titularidade autonómica. Expte. 4393/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

13. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a implantación das zonas de baixas emisións en Vigo. Expte. Pleno 4389/1101.

Resolucións.

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/03/24 e o 22/04/24, incluídas no expediente 1670/1102. (Expte. Pleno 4386/1101).
15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/03/24 e o 22/04/24, incluídas no expediente 1671/1102. (Expte. Pleno 4387/1101).

16. Formulación de rogos.

17. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Gómez Díaz, Gorka

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

García González, Patricia
Garrido Valenzuela, Irene
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 2 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista
Fernández Pérez, José Manuel, concelleiro do grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos (09:07) do día vinte e nove de abril do ano dous mil vinte e catro (29/04/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(58). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DEL 25.03 E EXTRAORDINARIA DO 25.03. 2024.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (25) da Corporación, con dereito a voto neste asunto da orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 6/2024 ordinaria, celebrada o 25/03/24
- Sesión núm. 7/2024 extraordinaria, celebrada o 25/03/24.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(59). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 DE ABRIL 2022, CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO POBO XITANO. EXPTE. PLENO 4347/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 3 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Con data do 22.03.24, entra no Rexistro Xeral do Pleno co núm. 4347/1101, escrito da Fundación Secretariado Xitano de Galicia, coa seguinte declaración,

PRESIDENCIA: Leerá a declaración institucional a concelleira da Área de Política Social e Turismo, Sra. Aguiar Castro,

“Declaración institucional 8 de abril 2024 Día Internacional do Pobo Xitano

Hoxe celebramos o 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Unha data que lembra e conmemora o Primeiro Congreso Mundial Xitano, celebrado en Londres en 1971, onde se oficializou a bandeira xitana e o himno xitano Gelem Gelem, ambos símbolos de identidade do pobo xitano.

Foi no devandito Congreso cando se iniciou un proceso de concienciación sobre a necesidade de recoñecer e protexer a historia e a cultura do pobo xitano. En España foi en 2018, a petición do Congreso dos Deputados, cando tivo lugar o recoñecemento do 8 de abril como Día do Pobo Xitano.

Unha data dedicada á memoria dos séculos de persecución que sufriron os xitanos e as xitanas, en España e en Europa. Este é un día para lembrar a Historia do pobo xitano, para rememorar o seu prolongado e arduo peregrinaxe de expulsións ao longo dos séculos, para lembrar ás vítimas do xenocidio nazi e de tantas outras persecucións sufridas.

Pero este 8 de abril debe ser, tamén, un día de celebración para os xitanos e xitanas, celebración á que, cada vez máis, debemos sumarnos as institucións e o conxunto da sociedade.

Este é un día para poñer en valor e recoñecer unha historia e cultura propias, que enriquecen a sociedade da que todos formamos parte e contribúen, con iso, ao noso desenvolvemento.

Achégase o 600º aniversario da súa chegada á Península, o próximo 2025, e a pesar diso, os xitanos e as xitanas seguen sendo un pobo esencialmente descoñecido. E nese descoñecemento habitan os prexuízos, os receos e, polo tanto, o rexeitamento e a discriminación que converten ao pobo xitano na minoría máis repudiada socialmente en toda Europa.

A única forma de loitar contra este descoñecemento é a construción de espazos e dinámicas que permitan achegarnos e coñecernos mutuamente. Para iso, os poderes públicos debemos comprometernos a xerar esas oportunidades e a reforzar políticas públicas que permitan derribar as barreiras existentes e que propicien o exercicio da súa cidadanía en igualdade de condicións, dunha maneira real e efectiva.

Aínda que nas últimas décadas producíronse avances significativos en dereitos e oportunidades, hoxe en día seguen existindo situacións que requiren a atención dos poderes públicos. Os xitanos e as xitanas continúan aínda sobrerrepresentados na pobreza, cunha grave desigualdade educativa que limita as súas oportunidades laborais de futuro, e con situacións de segregación, tanto escolar como residencial.

Os poderes públicos debemos ser firmes no noso compromiso por seguir loitando contra unha profunda inxustiza que dificulta o avance do pobo xitano: a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 4 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

discriminación, e debemos ser coherentes para garantir que as nosas políticas públicas contribúen a reducir as desigualdades sociais e favorecen a plena inclusión da poboación xitana desde a celebración da súa diversidade e o respecto á súa historia e os seus valores culturais.

Celebremos este 8 de abril cun chamamento para coñecer ao pobo xitano e recoñecer a riqueza do seu patrimonio cultural e histórico. Feliz 8 de abril.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.(60). TOMA DE RAZÓN DO ESCRITO DA CONCELLEIRA, D^a IRENE GARRIDO VALENZUELA, ADSCRITA AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, COMUNICANDO RENUNCIA A SÚA ACTA DE CONCELLEIRA. EXPTE PLENO 4381/1101.

ANTECEDENTES: Con data 19 de abril de 2024 (Rexistro entrada Pleno 4381/1101), a concelleira do grupo municipal do Partido Popular D^a Irene Garrido Valenzuela presenta o seguinte escrito:

“EXPONE Que presenta la renuncia al cargo de concejala del Grupo Municipal del Partido Popular, que viene ejerciendo desde su toma de posesión en la sesión constitutiva de la Corporación Municipal celebrada el día 17 de junio de 2023.

Por ello, SOLICITA,

Que teniendo por presentado este escrito y por hechas las manifestaciones contenidas en el mismo, previos los trámites que procedan, le sea aceptada y tramitada su renuncia a dicho cargo de Concejala del Ayuntamiento de Vigo.”

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do escrito de renuncia da concelleira antes citada.

O Pleno da Corporación Municipal toma coñecemento da renuncia presentada pola Sra. Garrido Valenzuela, concelleira pertencente ao grupo municipal do Partido Popular.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 5 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HD6B6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.(61). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN, DE DATA 25.03.24, POLA QUE SE APROBA O MARCO ORZAMENTARIO PARA O PERÍODO 2025-2027. EXPTE. 87/142. (EXPTE. PLENO 4344/1101).

O Sr. Alcalde-Presidente anuncia que o debate dos puntos 4, 5 e 6 da orde do día realizarase de forma conxunta, ampliando en cinco minutos o tempo da primeira das intervencións dos concelleiros.

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución, de data 25.03.24, que di o que segue,

“Visto o informe da Dirección Superior Contable e Orzamentaria e do Sr. Interventor Xeral Municipal, esta Concellaría, en execución das competencias delegadas en materia de Orzamentos e Facenda pola Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023, fai a proposta de aprobación do Marco Orzamentario de medio prazo.

Antecedentes de feito

PRIMEIRO. Elaboráronse as preceptivas directrices para a formación do Marco Orzamentario de Medio prazo para o período 2025-2027.

SEGUNDO. Pola Intervención e polo Director superior contable e orzamentario, emitíuse informe ao respecto con suxeición ao contido do previsto no artigo 29 da Lei 2/2012, de 27 de abril e artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

Lexislación aplicable

A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011.

O artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Os artigos 4, 5, 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

O artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Marco orzamentario está previsto para o período 2025-2027, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2023 e a previsión da liquidación do ano 2024.

Sobre a precitada base, tendo en conta as variacións tendenciais e os convenios vixentes sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellaría Delegada de Orzamentos e Facenda, polo Director Superior Contable e Orzamentario e pola Intervención Xeral, formouse o Marco orzamentario previsto para o devandito período, con fundamento nas variacións tendenciais contidas no informe asinado polos responsables que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAFP e que terán que ser remitidos con data límite antes das 24 horas do día 27/03/2024.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2024 e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 6 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase a seguinte proposta de Resolución:

Proposta de Resolución

PRIMEIRO. Aprobar o Marco Orzamentario de Medio prazo do Grupo consolidado Concello de Vigo, conformado por: Entidade Local, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións dependentes: MARCO e CONVENTION BUREAU, para o período 2025-2027 que servirá de base para a elaboración dos Orzamentos futuros cuxos datos figuran detallados no informe técnico, que en síntese son os seguintes:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO CONSOLIDADO DE GASTOS PREVISTA DO ANO 2024 E MARCO ORZAMENTARIO 2025-2027.

Non se incorpora o detalle por cada ente do perímetro de consolidación, por estar este reflectido nos documentos e informe que figuran no expediente.

CONSOLIDADO DE GASTOS

Capítulo	2024		%	Estimado Obl.Recoñecidas	PREVISIÓN. Creditos iniciais		
	Créd. iniciais	Créd. definitivos			2025	2026	2027
1	83.801.122,95	84.647.265,30		70.215.992,47	85.058.139,79	86.334.011,89	87.629.022,07
2	159.889.722,36	178.702.354,00		166.316.011,43	163.046.977,67	164.665.138,53	166.297.682,85
3	51.780,00	51.780,00		49.253,50	52.032,65	52.286,56	52.541,75
4	32.128.672,66	38.056.172,66		35.806.870,88	32.519.258,02	32.913.749,23	33.312.185,35
5	600.000,00	600.000,00		,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00
G. Corrente NF	276.471.297,97	302.057.571,96		272.388.128,27	281.276.408,14	284.565.186,21	287.891.432,01
6	37.429.215,13	68.790.419,48		40.116.735,33	32.992.702,76	34.398.599,95	34.871.342,12
7	2.828.046,62	7.970.795,28		4.923.454,68	3.388.197,47	987.014,41	1.001.082,64
G. capital NF	40.257.261,75	76.761.214,76		45.040.190,00	36.380.900,23	35.385.614,36	35.872.424,76
G. Non Financ.	316.728.559,72	378.818.786,72		317.428.318,28	317.657.308,37	319.950.800,57	323.763.856,77
8	532.000,00	532.000,00		399.000,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	317.260.559,72	379.350.786,72		317.827.318,28	318.189.308,37	320.482.800,57	324.295.856,77

CONSOLIDADO DE INGRESOS

Capítulo	2023		%	Estimado Der. Rcoñecidos	PREVISIÓN. Creditos iniciais		
	Créd. iniciais	Créd. definitivos			2024	2025	2026
1	112.173.330,00	112.173.330,00	100,00%	112.173.330,00	113.295.063,30	114.428.013,93	115.572.294,07
2	10.615.870,00	10.615.870,00	100,00%	11.146.663,50	10.722.028,70	10.829.248,99	10.937.541,48
3	42.795.321,32	42.795.321,32	105,00%	44.837.020,84	43.437.938,22	44.087.154,33	44.535.997,23
4	98.936.728,81	106.194.982,20	98,00%	114.606.788,70	107.100.191,90	108.289.710,93	110.030.707,46
5	2.936.252,62	2.936.252,62	100,00%	2.936.252,62	2.994.957,67	3.039.867,04	3.100.644,38
I. Corrente NF	267.457.502,75	274.715.756,14		285.700.055,66	277.550.179,79	280.673.995,22	284.177.184,62
6	,00	,00		,00	,00	,00	,00
7	18.300.838,25	18.319.493,75	80,00%	17.890.216,20	8.752.966,54	9.015.912,53	8.952.372,16
I. capital NF	18.300.838,25	18.319.493,75	97,66%	17.890.216,20	8.752.966,54	9.015.912,53	8.952.372,16
Total I. NF	285.758.341,00	293.035.249,89	103,60%	303.590.271,86	286.303.146,33	289.689.907,75	293.129.556,78
8	532.000,00	112.273.341,44	75,00%	395.800,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	286.290.341,00	405.308.591,33	75,00%	303.986.071,86	286.835.146,33	290.221.907,75	293.661.556,78



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 7 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

AXUSTES CONSOLIDACIÓN

Axustes de Consolidación	
XMU	6.004.863,00
MARCO	725.000,00
CB	200.000,00

Axustes FMRR

AXUSTES RECADACIÓN

Axustes DRN por Recadación	
1	-2.483.592,83
2	12.403,91
3	-2.435.166,54
Total	-4.906.355,47

AXUSTES FONDOS DO MRR

Ingresos Ayto previstos de los FMRR		10.861.385,24
Porcentaje para el año 2024	50,00 %	5.430.692,62
Gasto Ayto previsto nos proxectos del MRR		6.689.042,32
Axuste positivo G>I		1.258.349,70
Gasto XMU MRR incorporación remanentes		1.667.008,13
Gasto previsto no presuposto 2024		2.135.087,79
Porcentaje de gasto executado	60,00 %	1.281.052,67

Axustes pola liquidación negativa do ano 2020

Liquidación negativa	Compensación	Compensación	Compensación	T.Compensacións
2020	2022	2023	2024	
13.387.398,16	4.002.986,43	6.847.405,53	2.987.006,20	13.837.398,16

Axuste pola diferenza da entrega a conta de decembro do ano 2023 e decembro do ano 2024.

163.337,25 euros.

Desagregación por impostos segundo requirimento, capítulos 1 e 2, coa cesión de tributos (IRPF, IVE e II.EE) aparte, así como no capítulo 4, separación do FCC do resto das transferencias e subvencións.

Concepto		2024	2025	2026	2027
IBI	71.603.000,00	71.603.000,00	73.393.075,00	74.860.936,50	75.609.545,87
BICI	2.970.000,00	2.970.000,00	3.044.250,00	3.105.135,00	3.136.186,35
IAE	13.961.000,00	13.961.000,00	14.310.025,00	14.596.225,50	14.742.187,76
IVTM	15.325.630,00	15.325.630,00	15.708.770,75	16.022.946,17	16.183.175,63
IIVTNU	5.400.000,00	5.400.000,00	5.535.000,00	5.645.700,00	5.702.157,00
ICIO	2.901.000,00	2.901.000,00	2.973.525,00	3.032.995,50	3.063.325,46
irpf+ive+iiee	16.172.942,53	16.172.942,53	16.577.266,09	16.908.811,42	17.077.899,53
Suma	128.333.572,53	128.333.572,53	131.541.911,84	134.172.750,08	135.514.477,58
FCF+Liq	104.712.243,60	104.712.243,60	89.830.049,69	92.075.800,93	93.917.316,95

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DÉBEDA VIVA (Grupo consolidado)



CÁLCULO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA						
Capítulos	D.Axustados	Obrigas	2024 Sperávit/déficit	2025	2026	2027
1	114.927.192,83	70.215.992,47				
2	10.935.190,78	166.316.011,43				
3	43.527.481,50	49.253,50				
4	129.307.045,67	35.806.870,88				
5	5.841.000,00	0,00				
O.correntes N.F	304.537.910,77	272.388.128,27	32.149.782,50	15.962.400,23	19.285.614,36	20.772.424,76
6	0,00	40.116.735,33				
7	9.908.210,19	4.923.454,68				
Op. Capital N.F	9.908.210,19	45.040.190,00	-35.131.979,81	-18.280.900,23	-19.285.614,36	-20.772.424,76
O.N.financieiras	314.446.120,96	317.428.318,28	-2.982.197,31	-2.318.500,00	0,00	0,00
	Axuste CN, PTE		163.337,25			
	Axuste CN, liquidación 2020		2.987.006,20			
	Axustes polos FMRR		4.206.410,50			
	Axuste RLT Xerencia			2.318.500,00		
Capacidade de financiamento			4.374.556,64	,00	0,00	0,00

SEGUNDO. Remitir os datos relativos ao devandito Marco Orzamentario do Grupo Concello de Vigo conformado pola Entidade, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU ao Ministerio de Facenda e Función Pública polos medios telemáticos habilitados ao efecto (oficina virtual).

TERCEIRO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión na oficina virtual antes das 24 horas do día 27 de marzo de 2024.

CUARTO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución, de data 25.03.24, pola que se aproba o Marco Orzamentario para o período 2025-2027. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

5.(62). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2024. EXPTE. 28129/541 (EXPTE. PLENO 4374/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 25.03.24, que di o que segue,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 9 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 10 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HD6B6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 11 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 12 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 13 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2024.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2024 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	938	84	159	43
Importe dos pagos	24.374.275,15	263.692,04	152.714,83	253.408,82
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	90		1	0
Importe	152.369,00		87,12	,00
PMP (período medio de pago do trimestre)	9,74 días	21,06 días	7,24 días	10,75 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	204	7	12	0
Importe dos pagos	4.943.036,83	78.136,68	20.672,19	,00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	36	0	0	0
Importe	292.178,18	,00	,00	,00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	21,08 días	2,44 días	8,40 días	0,00 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 14 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	9,74	21,08	21,06	2,44	7,24	8,40	10,75	0,00
Segundo								
Terceiro								
Cuarto								

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	24.526.644,15	5.235.215,01	354.404,42	55.259,64	156.026,25	2.526,43	253.408,82	,00
Nº pagos	1.028	240	65	15	139	1	43	
Segundo								
Nº pagos								
Terceiro								
Nº pagos								
Cuarto								
Nº pagos								

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2024



Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	9,47	6,58	19,14									
MARCO	23,40	31,85	25,28									
XMU	18,95	2,77	7,80									
V. C.BUR.	19,14	10,60	2,50									
PMP Global	10,03	6,71	19,08									

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2024

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	7.550.444,31	2.459.204,85	245.525,15	42.229,96	12.065,11	47.434,22	249.096,52	0,00
Febreiro	12.823.151,44	3.513.411,45	49.906,55	59.324,79	54.090,52	48.337,97	2.640,93	0,00
Marzo	6.817.787,05	5.288.235,69	60.969,91	55.259,64	89.870,62	2.526,43	1.671,37	0,00
Abril								
Maio								
Xuño								
Xullo								
Agosto								
Setembro								
Outubro								
Novembro								
Decembro								
TOTAL	27.191.382,80		356.401,61		156.026,25		253.408,82	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do informe trimestral de tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2024. O Pleno toma coñecemento do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 16 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.(63). DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2024, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 280/143 (EXPTE. PLENO 4382/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 19.04.24, que di o que segue,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2023.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2024, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao PRIMEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de MARZO de 2024.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos.

Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 31/03/2024, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que reflicten os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 17 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería consolidado.

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

NOTA: como consecuencia do novo aplicativo de Contabilidade orzamentaria-Financeira e Patrimonial, que comenzo a súa implementación o día 1 de marzo ás 14 horas , os informes que se remiten presentan unha configuración distinta.

Asi mesmo, tamén se produxo un pequeno atraso na presentación, dase cumprimento a súa remisión ao Pleno ordinario do mes seguinte ao que remata o trimestre, aínda que non se poido incorporar na formación do orde do día de data 17 de abril. Considérase relevante a súa remisión ao Pleno, polo que, deberá someterse a súa consideración de urxencia e se fose positiva, o ditame sobre a mesma.

A información é a correspondente ao primeiro trimestre do ano 2024, e como é normal, os datos non son significativos.

Toda a información é consolidada dos entes con orzamento Limitativo. (Entidade e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo)."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao primeiro trimestre do 2024, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. O Pleno toma coñecemento do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 18 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.(64). APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 03/24 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (CRÉDITO EXTRAORDINARIO). EXPTE. 16520/407 (EXPTE. PLENO 4346/1101).

ANTECEDENTES: Con data 12.03.24, o xefe da oficina de Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo co conforme do Xerente de Urbanismo, emiten o seguinte informe proposta;

“Vista a resolución da Vicepresidente de Urbanismo, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFFLL), emítase o seguinte informe:

1º Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización. No informe da unidade xestora do gasto e na memoria-incoación deste expediente exprésase o carácter específico e determinado do gasto.

2º Dado o carácter inaprazable deste gastos e, ao mesmo tempo, necesario que sexan executados en este exercicio, sen que deba ter incidencia nos sucesivos exercicios.

3º O importe de 2.885.000,00 euros destínase as seguintes partidas:

Partida	Concepto	Créd.inicial	Alta
1510.6090200	Finalización obra Paseo de Lagares	0,00 €	200.000,00 €
1510.6090400	Convenio urbanización Praza do Calvario	0,00 €	162.863,47 €
1510.6090500	Urbanización contorna Polígono Miraflores	0,00 €	327.676,12 €
			TOTAL = 690.539,59 €

4º A presente modificación supón un crédito extraordinario de 690.539,59 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

5º O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2023, segundo a Liquidación dese exercicio, era de 10.790.785,93 euros (resolución do Alcalde-Presidente de 07.02.2024, anexada ó expediente 16392/407). Deste importe solo utilizouse 207.015,29 euros no expediente de incorporación de remanentes, aprobado por Resolución de 15.02.2024 (expediente 16430/407).

En consecuencia, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo...”:

De seguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. Con data 19 de marzo de 2024, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 19 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e sete abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e catro (4) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,,

ACORDO:

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 690.539,59 euros (modificación nº 03/2024 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao expresado neste informe-proposta.

*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa do Sr. Alcalde-Presidente da sesión, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

*.- **Incidencia.** Sendo as 10:09 h., ausentase da sesión plenaria o Sr. Alcalde-Presidente, pasando a presidir a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito.

MOCIÓNS:

8.(65). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS PROPOSTAS DA CIG DA CAMPAÑA "STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO". EXPTE. PLENO 4385/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2024, número 4385/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

PROPOSTAS DA CIG DA CAMPAÑA "STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 20 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Desde a súa entrada en vigor confírmase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfíren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.

A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.

Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.

Por último, no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos.

Cómpre xa facer realidade un piar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito decidir e negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica.

Por todos estes motivos, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 21 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 1 *Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.*
- 2 *Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.*
- 3 *Instar ao Goberno galego e español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días -a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.*
- 4 *Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marcos autonómicos de acordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro. Así mesmo, reclamar ao Goberno galego e español un acordo para completar as transferencias a Galiza das competencias pendentes para poder exercer todas as funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego.*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e vinte (20) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.04.24 (Rex. Nº 4385/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, “Propostas da CIG da Campaña “Stop precariedade, traballo digno” cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

A Sra. Silva Rego, Presidenta da sesión neste intre, con base na representatividade do 60 % fronte ao 11% que outorgou a normativa aplicable, solicita que conste en acta a súa petición expresa para deixar de utilizar palabras ou termos “altamente importantes” nos debates e intervencións que non se correspondan coa realidade. Termos coma o escoitado de “autoritarismo” non deben ter cabida nun debate plenario tranquilo “nin estar en boca de ninguén”. Non debe ser asumida nin consentida ningunha palabra mais “alta” que outra.



Copia do documento - Concello de Vigo
4425-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:10

Páxina 22 de 38

CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

9.(66) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE APROBE UN PLAN, CON DOTACIÓN ORZAMENTARIA, PARA PROMOCIONAR RUTAS NACIONAIS E INTERNACIONAIS PARA O AEROPORTO DE VIGO. EXPTE. 4390/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de abril de 2024, número 4390/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Os aeroportos son unhas infraestruturas clave para unha rexión, posto que permiten a mobilidade persoal pero, sobre todo, son un instrumento importantísimo para a actividade económica ao permitir non só o transporte de mercancías senón de persoas que precisan viaxar para pechar un contrato, un negocio ou visitar os lugares donde se atopan as materias primas ou os lugares de transformación en comercialización dos produtos.

A cidade máis poboada de Galicia, a provincia con máis densidade de poboación, e a área metropolitana que máis aporta ao PIB da Comunidade Autónoma precisan dispor dun aeroporto que conte co apoio de todas as Administracións públicas, fronte ao apoio público que se fai no país vecino en rutas aéreas.

A nova Conselleira de Planificación de Infraestruturas ven de recriminar que as cidades queiran ter o apoio da Xunta para contar con máis rutas e recoñeceu que a Xunta, a través da Axencia Turismo de Galicia "está facendo una fuerte promoción y a incentivar la marca Galicia como destino turístico".

Pois ben, non se entende que se pretenda coordinar voos coa capital do Estado ou con aeroportos que están a máis de 1.000 km de distancia e sen alternativa viable de transporte público. É dicir, ¿pretende dicir a Xunta que para ir a Madrid ou Barcelona teñamos que pasar por Santiago?. Baixo esa aparente bondade da coordinación se agocha descoñecer o sentido histórico dos aeroportos galegos e, sobre todo, menospreciar as necesidades actuais de podermos desprazar en tempos competitivos entre distintas partes de España, de Europa e do mundo porque a competitividade tamén se mide en tempos de desprazamento.

Por outra banda, tamén resulta chamativo o recoñecemento do apoio da Xunta de Galicia á promoción de destinos turísticos que, sen embargo, non chegan ao aeroporto de Vigo nin tampouco chegan os fondos para permitir que as Administracións locais poidan facelo.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que aprobe un plan, con dotación orzamentaria, para promocionar rutas nacionais e internacionais para o aeroporto de Vigo.”*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 23 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Sra. Silva Rego, Presidenta da sesión neste intre, explica os termos da votación. Da intervención do Sr. Aneiros Pereira deduce que non se acepta a enmeda presentada polo grupo político municipal do BNG. A moción se somete a votación tal e como foi presentada polo grupo político municipal Socialista

VOTACIÓN: Con dezaseis (16) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e catro (4) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.04.2024 (Rex. Nº 4390/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, "*instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que aprobe un plan, con dotación orzamentaria, para promocionar rutas nacionais e internacionais para o Aeroporto de Vigo*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Sendo as 10:49 h., ausentase da sesión plenaria a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, pasando a presidir a sesión o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito.

10.(67). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REACTIVAR DE FORMA URXENTE A "COMISIÓN MIXTA PARA A INTEGRACIÓN DA REDE GALEGA DE TRASTORNOS ADITIVOS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE". EXPTE. 4391/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de abril de 2024, número 4391/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Os Concellos con Unidades Asistenciais de Drogodependencias levamos anos reivindicando á Xunta de Galicia o traspaso destas unidades ao Servizo Galego de Saúde, por ser a administración competente nesta materia, de xeito exclusivo, segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Xa no ano 2018, constituíuse unha comisión mixta coa Consellería de Sanidade no que o obxectivo final era definir como se realizaría ese traspaso. Absoluta inacción do Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia durante todos estes anos.



Copia do documento - Concello de Vigo
4425-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:10

Páxina 24 de 38

CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Despois da solicitude reitarada dos Concellos afectados, ano tras ano, o 23 de marzo de 2021, o Parlamento de Galicia aprobou unha Moción na que se “ insta á Xunta de Galicia a que acordase coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a administración autonómica ”.

Froito desta presión constante dos Concellos, o 19 de decembro de 2022, constitúese, unha vez máis, unha comisión de transferencias entre a Xunta de Galicia e os Concellos afectados, para incorporar este servizo sanitario público esencial á rede do SERGAS, xa que é a Comunidade Autónoma a única e exclusivamente competente en materia de atención sanitaria.

Despois de que a Xunta de Galicia, unilateralmente, establecese un cronograma para esta transferencia e que teña incumprido o seu propio compromiso dende a primeira e única reunión, os concellos denunciámos que a folla de ruta pactada está a ser incumplida de forma insultante cos Concellos dende hai anos.

Os usuarios das Unidades de Atención son persoas enfermas que teñen dereito á prestación sanitaria que lles corresponde, dun xeito integral, multidisciplinar e dendo o Sistema Público de Saúde, dentro do ámbito das súas estrictas competencias do goberno galego.

Recentemente, a FEGAMP tense reunido coa Xunta de Galicia para reivindicar a solución urxente deste problema e, lonxe de aportar luz sobre a folla de ruta pactada para a transferetencia definitiva, propoñen aos Concellos afectados un novo “convenio” que empeora sustancialmente o financiamento da Xunta de Galicia aos Concellos en relación cunha competencia propia e exclusiva do goberno galego, obviando, unha vez máis, o debate sobre a transferencia desta competencia ao SERGAS.

O Concello de Vigo ten a Unidade Municipal de Atención a Persoas Drogodependentes máis grande de Galicia, con máis de 1.000 personas usuarias, que lle supón aos cidadáns de Vigo un investimento de máis de 1,3 millóns de euros e que, escasamente, recibe unha subvención “rogada” da Xunta de Galicia (competente exclusiva na materia de saúde) de pouco máis de 500.000 euros

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do PSOE somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e urxente a “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”, para dar cumprimento ao cronograma acordado cos Concellos e materializar ao longo deste ano 2024 a plena integración orgánica e funcional de CEDRO no Servizo Galego de Saúde.*
- Instar á Xunta de Galicia a que, entanto non se produza a dita integración comprometida, financie o 100% do custo deste servizo asistencial que está a prestar o Concello de Vigo”.*



Copia do documento - Concello de Vigo
4425-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:10 Páxina 25 de 38
CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e catro (4) abstencións dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.04.2024 (Rex. Nº 4391/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, "instando á Xunta de Galicia a reactivar de forma urxente a "Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saude", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

11.(68). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INVESTIR NA REFORMA DE TÓDOLOS ESPAZOS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS VIGUESES QUE O PRECISEN, POÑENDO EN MARCHA UN PLAN PLURIANUAL. EXPTE. 4392/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de abril de 2024, número 4392/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Hai un documento de Angel de la Fuente titulado "Capital humano e Productividade", un traballo moi interesante para aqueles que cremos con firmeza que a educación é a maior inversión para a sociedade e para o individuo que di nunha frase:

"O investimento na cantidade e calidade da educación aparece como un dos mellores instrumentos de política dos que dispoñen os gobernos para influír sobre o crecemento da produtividade e, en última instancia, sobre o nivel de vida dos seus cidadáns".

E unha parte dese investimento debe facerse nas instalacións escolares.

Os centros educativos xogan un papel esencial na educación de cada xeración. O seu conxunto é educativo, desde a infraestrutura física ata o traballo máis detallado nas aulas. Son centros de aprendizaxe non soamente en coñecementos, senón tamén en hábitos e rutinas que nos acompañarán ao longo de toda a nosa vida.

Todas as estancias dos centros educativos xogan un papel fundamental no desenvolvemento das e dos estudantes. Desde as aulas, a biblioteca, o ximnasio, o comedor, as áreas comúns, ata os patios de recreo, cada recuncho dunha institución educativa desempeña un papel crucial no desenvolvemento académico, social e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 26 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

emocional dos estudantes. Tamén uns baños adecuados contribúen, sen dúbida, á educación en hábitos de hixiene, de respecto e dignidade da persoa.

Pero o certo é que dada a antigüidade das infraestruturas educativas públicas da nosa cidade e a falta de investimentos por parte da Administración competente, a Xunta de Galicia, as necesidades son moitas, necesidades reclamadas polos centros.

Cambio de cubertas, reforma de fachadas, mellora de instalacións eléctricas, pavimento de pistas, eliminación de barreiras arquitectónicas, illamentos e caldeiras, cambio de fiestras, Todas elas relacionadas coas obsoletas instalacións. Pero tamén é preciso adecuar esas infraestruturas á nova realidade educativa, ampliacións de bibliotecas, ampliación de comedores, novos espazos educativos, aulas de idiomas, espazos para psicomotricidade, E incluso segue habendo centros onde os aseos son os orixinais, totalmente obsoletos e que precisan dunha renovación completa xa que o deterioro destas instalacións polo paso dos anos e o seu intenso uso non admite novas reparacións.

As reformas nos colexios son sumamente necesarias non só pola renovación ou cambio das súas estruturas, senón tamén para a mellora da súa calidade educativa. E as reformas terían que ser prioritarias. Unhas reformas creando instalacións renovadas e cómodas para o alumnado, eliminando barreiras, corrixindo o deterioro e atendendo novas necesidades.

Á Xunta de Galicia correspóndelle garantir que quen agora son escolares e mañá serán cidadáns e cidadás de pleno dereito poidan formarse nas mellores condicións, tanto materiais como persoais, e poidan convivir durante a súa etapa formativa nun espazo seguro, comfortable, habitable e idóneo.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a investir na reforma de todos os espazos dos centros educativos públicos vigueses que o precisen poñendo en marcha un plan plurianual serio, rigoroso, obxectivo, dotado economicamente e cun calendario preciso."*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes (22) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.04.2024 (Rex. Nº 4392/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, "*instando á Xunta de Galicia a investir na reforma de tódolos espazos dos centros educativos públicos vigueses que o precisen. Poñendo en marcha un plan plurianual*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo
4425-1101

Data impresión: 02/08/2024 10:10

Páxina 27 de 38

CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

12.(69). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A ELIMINAR O COPAGO OBRIGATORIO DO CONCELLO DE VIGO DAS ESCOLAS INFANTÍS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA. EXPTE. 4393/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de abril de 2024, número 4393/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En anteriores lexislaturas, a Xunta de Galicia veu establecendo obrigas de pago de servizos da súa competencia aos Concellos a través das Leis de Acompañamento aos Orzamentos a propia Xunta. Esta situación se mantén, a día de hoxe, xa que ano tras ano resulta obrigatorio trasladar recursos propios do Concello de Vigo á Administración autonómica o que merma a autonomía e a suficiencia para desenvolver as competencias propias da entidade local.

Esta situación é chamativa no ámbito da educación, tanto polo que se refire ás Escolas Infantís como aos demais centros de Educación. Nas primeiras, ademais de non abrir máis Escolas que as que poden utilizar os funcionarios da propia Administración autonómica, estableceu un copago obrigatorio dos Concellos para as chamadas Galiña Azul. Esta situación supón, para o Concello de Vigo, asumir un coste anual de 205.500 euros sen que se poda participar na xestión das Escolas nin coordinar a asignación de nenos e nenas entre a rede municipal e autonómica naqueles casos nos que sí que pode realizarse.

Ademais, aos centros privados se lles compensa o pago das matrículas dos nenos e nenas que asisten a eles.

É hora xa de poñer fin a esta situación xa que os Orzamentos de Educación da Xunta de Galicia no se executan e, ademais, porque o Presidente da Xunta acaba de anunciar a gratuidade das ensinanzas universitarias. Pois ben, se a ensinanza superior merece a gratuidade, con asunción plena con cargo aos Orzamentos autonómicos, tamén debe ter o mesmo tratamento a educación infantil que, ademais, cumpre un importante papel no desenvolvemento das cualidades dos nosos nenos e na necesaria conciliación da vida laboral dos pais.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que aprobe as medidas normativas necesarias para eliminar o copago obrigatorio do Concello de Vigo das Escolas Infantís de titularidade autonómica e que compense economicamente ao Concello de Vigo dos gastos de funcionamento das Escolas Infantís Municipais así como do servizo de comedor gratuito.”*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo 4425-1101	Data impresión: 02/08/2024 10:10 CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	Páxina 28 de 38
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con dezaioito (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e catro (4) **votos en contra** dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.04.2024 (Rex. Nº 4393/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, "*instando ao Goberno da Xunta de Galicia a eliminar o copago obrigatorio do Concello de Vigo das Escuelas Infantís de titularidade autonómica*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORA DA ORDE DO DIA

12 (BIS) (70). MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA NO PARLAMENTO EUROPEO DO REGULAMENTO DA REDE TRANSEUROPEA DE TRANSPORTES (RTE-T) QUE DISCRIMINA A ALTA VELOCIDADE ENTRE VIGO E PORTO A ADIA ATA O 2040. EXPTE. 4394/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de abril de 2024, número 4394/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCIÓN DE URXENCIA

"CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA NO PARLAMENTO EUROPEO DO REGULAMENTO DA RED TRANSEUROPEA DE TRANSPORTES (RTE-T) QUE DISCRIMINA A ALTA VELOCIDADE ENTRE VIGO E PORTO E A ADÍA ATA O 2040

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Este mércores, 24 de abril de 2024, o mesmo día en que o alcalde-presidente do pleno da corporación de Vigo asinaba e formalizaba a convocatoria de sesión ordinaria para o vindeiro luns 29 de abril de 2024, o Parlamento Europeo aprobaba definitivamente o regulamento da Rede Transeuropea de Transportes (RTE-T) priorizando para o 2030 proxectos transfronterizos como Madrid-Lisboa mentres deixa fora do mesmo a líña de Alta Velocidade entre Vigo e Porto, que queda adiado para o ano 2040, o que supón un inasimilable agravio comparativo.

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-eurocamara-aprueba-plan-red-transporte-prioriza-alta-velocidad-lisboa-madrid-2030-20240424185553.html#:~:text=El%20Parlamento%20Europeo%20ha%20dado,Mediterr%C3%A1neo%20desde%20Algeciras%20a%20Budapest>

Compre sinalar que a votación do regulamento, e polo tanto a súa aprobación oficial, ten acontecido logo da celebración tamén da Xunta de Portavoces e non antes. Como queira, xa que logo, que o prazo para a presentación de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 29 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HD6B6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mocións ordinarias ten rematado rexistramos esta moción de urxencia para demandar do pleno un posicionamento contrario, claro e rotundo sobre esta discriminación a Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O visto bo definitivo do Parlamento Europeo este mércores 24 de abril de 2024 á revisión do plan para a Rede Transeuropea de Transportes (RTE-T) que plantexa priorizar proxectos transfronteirizos como o Madrid-Lisboa fronte a conexión Vigo-Porto, supón unha discriminación inadmisíbel para a nosa cidade e un atranco importante para a posta en marcha desta conexión ferroviaria por Alta Velocidade entre ambas urbes.

Trátase dun proxecto fundamental para o futuro do noso país, máis tamén para o desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que agora se ve comprometido logo de que Europa adíe a súa execución para o 2040. Un novo agravio a Vigo en materia de infraestruturas do que é cómplice o Partido Socialista logo de apoiar cos seus votos esta decisión a pesares dos reiterados anuncios e compromisos con esta infraestrutura ferroviaria formulados polo Goberno Español e o seu presidente Pedro Sánchez.

Promesas incumpridas como amosa a falta de dotación presupuestaria nos orzamentos de 2023 e 2024 que impiden executar esta infraestrutura tan demandada en tempo e forma para a súa finalización no 2030. Razón pola que a Eurocámara non apostou por priorizar esta infraestrutura e metela dentro da rede básica.

Diante deste día triste para a nosa cidade no que se veu comprometido o seu futuro, compre que esta corporación no seu conxunto levante a súa voz de xeito unánime contra desta decisión que nos relega á rede básica ampliada co obxectivo de facer escoitar o noso máis enérxico rexeitamento ao tempo que instar a que Europa rectifique e corrixa a súa postura.

E por iso que, a través desta moción, o Grupo Municipal do PP propón ao pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Expresar o rotundo e claro rexeitamento deste pleno a decisión do Parlamento Europeo de deixar fora do regulamento da Red Transeuropea de Transportes (RTE-T) o proxecto de Alta Velocidade entre Vigo e Porto, o que supón excluila da rede básica e adiar a súa execución ata o 2040
- 2.- Instar ao Goberno de España a demandar da Comisión Europea que rectifique esta decisión para apostar pola conexión por alta velocidade Vigo e Oporto a través da Saída Sur no 2030.
- 3.- Reclamar que os gobernos español e portugués establezcan o diálogo necesario tras coñecerse o aplazamento co fin de blindar o seu apoio e reafirmar a súa aposta por esta liña a ambos lados da fronteira cunha inversión maior e máis decidida para que reciba o impulso que precisa."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 30 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con sete votos (7) a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e quince (15) votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia e a inclusión no debate e votación do asunto na orde do día, da moción presentada en data 25.04.2024 (Rex. Nº 4394/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "contra a aprobación definitiva no Parlamento Europeo do Regulamento da Red Transeuropea de Transportes (RNE-T) que discrimina a alta velocidade entre Vigo e Porto e4 a adía ata o 2040", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

13.(71). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A IMPLANTACIÓN DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS EN VIGO. EXPTE. PLENO 4389/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de abril de 2024, número 4389/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

"MOCIÓN

"A presumible implantación das Zonas de Baixas Emisións (ZBE) en Vigo a partires de vindeiro ano 2025 supón un reto para a mobilidade na nosa cidade que cómpre ter planificado en detalle.

O Goberno municipal xa adiantou en 2022 que serán catro as ZBE: Bouzas, Centro, Praza de Portugal e O Calvario. Pero dende aquela pouco máis sabemos, logo de que o Concello aínda non dispoña da nova ordenanza municipal que regulará estes ámbitos nos que se vai a aplicar restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos en función do seu grao de contaminación.

Unha ordenanza baseada, segundo di, no consenso cidadá, máis o único que coñecemos a día de hoxe ao respecto é unha especie de enquisa onde a meirande parte das preguntas son unha recompilación de datos persoais, sen apenas demandar a opinión dos vigueses ao respecto, polo que son moitas as dúbidas existentes.

Existe pola FEMP unha ordenanza tipo sobre a creación e xestión destas áreas así como tamén a DGT publicou unhas recomendacións para o establecemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 31 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCEB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de moratorias, exencións e autorizacións no acceso de vehículos ás Zonas de Baixas Emisións. Con todo, non temos noticias de cal vai a ser o camiño a seguir por parte do Goberno local, entrando incluso en contradicións manifestas cando un día asegura que non se vai multar aos infractores e logo diga que si serán sancionados ao cabo dun tempo. Neste senso consideramos de xustiza establecer unha moratoria, cando menos ata o ano 2030 -data chave na axenda global por un desenvolvemento sostible- para aqueles vigueses con escasos ingresos económicos e rendas baixas que non poidan afrontar o cambio de vehículo por un non contaminante.

O establecemento das ZBE implica tamén unha oportunidade de reordenar a mobilidade reducindo a contaminación e mellorando non só o medio ambiente e a saúde senón tamén a vida dos cidadáns. Cómpre, xa que logo, que xunto a creación destas Zonas de Baixas Emisións se adopten tamén outras medidas complementarias, coma potenciar o

transporte público, ampliar os espazos peonís ou fomentar aos vehículos alternativos e limpos.

E nese senso a nova licitación do servizo do transporte público debe ter en conta a posta en marcha destas zonas, reforzando as rutas e frecuencias que pasan por elas; tamén apostar por un servizo público de alugueiro de bicicletas a prezos económicos que fomente a mobilidade sostible e amigable fronte ao coche; e aínda así habilitar na medida do posible aparcadoiros públicos e gratuítos á beira destas zonas para facilitar o aparcamento. Isto, entre outras moitas medidas como reforzar as estacións de recarga para coches eléctricos, etcétera.

Para iso é necesario e urxente a redacción dun novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) que planifique o futuro e as medidas a adoptar no curto, medio e longo prazo, logo de que o actual sexa unha actualización do documento 2014-2020 pero con datos vellos, xa que logo a Covid impediu recoller novos.

E por iso que presentamos os seguintes

ACORDOS:

1.- Que a futura ordenanza municipal que regule as Zonas de Baixas Emisións contemple unha moratoria que exima aos vigueses con menos recursos económicos de ser sancionados polo seu incumprimento, cando menos ata o 2030 -data chave na axenda global por un desenvolvemento sostible-.

2.- Establecer no prego de condicións da nova concesión do transporte público da cidade a necesidade de reforzar a presenza do autobús urbano nestas catro áreas, con máis rutas e frecuencias, para potenciar a conectividade do transporte público nas ZBE co gallo de ofrecer unha alternativa válida e eficaz á mobilidade nas mesmas.

3.- Posta en marcha dun sistema público de alugueiro de bicicletas a prezos alcanzables para fomentar a mobilidade alternativa ao vehículo. Ao tempo que reforzar a rede de carrís-bici existente na cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 32 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- *Dispor, na medida do posible, de aparcadoiros públicos e gratuítos á beira de cada unha das catro Zonas de Baixas Emisións, nomeadamente Bouzas onde a día de hoxe hai escaseza de prazas para os residentes.*

5.- *Elaborar un novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) que planifique todas as iniciativas e medidas a desenvolver na cidade ao medio e longo prazo."*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

*.- *Incidencia. No debate e votación deste asunto auséntase da sesión plenaria o concelleiro Sr. Aneiros Pereira. P4 participan no mesmo vinte e un (21) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

VOTACIÓN: Con catro (4) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e dezasete (17) en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (14), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais os membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.04.2024 (Rex. Nº 4389/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "sobre a implantación das zonas de baixas emisións en Vigo", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

14.(72). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/03/24 E O 22/04/24, INCLUIDAS NO EXPEDIENTE 1670/1102. (EXPTE. PLENO 4386/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/03/24 e o 22/04/24, incluídas no expediente 1670/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 33 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCB6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

15.(73). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/03/24 E O 22/04/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1671/1102. (EXPTE. PLENO 4387/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/04/24 e o 22/04/24, incluídas no expediente 1671/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

16. FORMULACIÓN DE ROGOS.

16.1.(74). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. Que se informe de que alternativas se lles vai dar e en que condicións quedarán os/as atletas usuarios/as das pistas de atletismo de Balaídos unha vez que se inicien as obras da súa reforma que o alcalde anunciou que serán simultáneas ás da reforma da bancada de Gol.

16.2.(75). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Que o concello habilite como aparcamento público e gratuito a parcela municipal de 2000 metros cadrados, asentada na rúa Pereiró, en tanto non se desenvolve urbanisticamente o ámbito no que se atopa, a fin de poder dar servizo aos veciños da zona, nomeadamente demandada pola su proximidade ao cemiterio e tanatorio de Pereiró como tamén para os días de partido en Balaidos e concertos en Castrelos.

17. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17.1.(76). Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. De que maneira vai manter o Goberno municipal en funcionamento as ludotecas municipais da Casa da Xuventude e de Coia, toda vez non se ten iniciado o procedemento de licitación e o vindeiro 3 de xuño vence a segunda prórroga do contrato en vigor, e en que prazo poderá retornar a ludoteca da Casa da Xuventude á súa ubicación orixinal?

17.2.(77). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. ¿Ten o goberno local previsto completar a urbanización da rúa Nicaragua no tramo que vai dende a Praza Elíptica ata o Castro, que discorre xunto ao muro do colexio Maristas, e en ese sentido cando o pensa facer?.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario de abril 2024
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Data Inicio: Luns, 29 de Abril de 2024 09:07:13
Data Fin : Luns, 29 de Abril de 2024 12:10:36
Duración : 03:03:23



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 34 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HD6B6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3444

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.4 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/2Mdbqoy2SCZHpnrQseQysh19M0553HzZ7oCM0sy0T CMPJ26r.wmv>

SHA512 - 0066ea40862fbb6f30a87d0007c9e77749ae4c421b1453f0c939438b926618a6053850eaf7d234c1df5936fd0ec4a67edbbe34dd4bc95fd3bbd89f0e3ab80d69

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 961 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/ss7JUMQojLELYmaODsajNjB8RSuAVYYLe2a8Eo93U VDimizz.mp4>

SHA512 - 674370c9fa92a56c98653a9cb2ba6152a445ae8d4f7f41712419f514fa74c43068d0096c7248101fbb13034a542751f526ee00a4d5ff8f3615250646abd4b5bb

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier;
- 00:00:42 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:02:10 : 1. Actas anteriores: Ordinaria del 25.03 e extraordinaria do 25.03. 2024.
- 00:02:24 : 2. Declaración Institucional 8 de abril 2022, con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano. Expte. Pleno 4347/1101.
- 00:02:41 - Aguiar Castro, Yolanda
- 00:06:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:07:01 : 3. Toma de razón do escrito da concelleira, D^a Irene Garrido Valenzuela, adscrita ao grupo político municipal do Partido Popular, comunicando renuncia a súa acta de concelleira. Expte Pleno 4381/1101.
- 00:07:48 : 4. Dar conta da Resolución, de data 25.03.24, pola que se aproba o Marco Orzamentario para o período 2025-2027. Expte. 87/142. (Expte. Pleno 4344/1101).
- 00:07:57 : 5. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2024. Expte. 28129/541 (Expte. Pleno 4374/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/08/2024 10:10

Páxina 35 de 38

4425-1101

CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 00:07:57 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:07:59 : 6. Dar conta do Estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento correspondente ao primeiro trimestre do 2024, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 280/143 (Expte. Pleno 4382/1101).
- 00:17:56 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:18:01 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:18:06 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:28:03 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:28:13 - García González, Patricia
- 00:37:21 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:37:38 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:43:48 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:43:59 : 7. Aprobación da Modificación Orzamentaria 03/24 da Xerencia Municipal de Urbanismo (Crédito Extraordinario). Expte. 16520/407 (Expte. Pleno 4346/1101).
- 00:44:20 - Caride Estévez, María José
- 00:48:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:48:44 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:53:29 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:53:53 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:53:59 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:54:06 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:54:19 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:54:36 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 00:55:51 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:56:00 - Caride Estévez, María José
- 00:59:02 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:59:14 - Votación [10:06:26]
- 00:59:56 - Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista--
- 01:01:09 : 8. Moción do grupo municipal do BNG sobre as propostas da CIG da Campaña ?STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO?. Expte. Pleno 4385/1101.
- 01:01:20 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:06:23 - Silva Rego, Carmen
- 01:06:30 - Martín Peña, José Miguel
- 01:11:12 - López Font, Carlos
- 01:16:12 - Silva Rego, Carmen
- 01:16:21 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:19:18 - Silva Rego, Carmen
- 01:21:14 - Votación [10:26:41]
- 01:21:34 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a que aprobe un plan, con dotación orzamentaria, para promocionar rutas nacionais e internacionais para o Aeroporto de Vigo. Expte. 4390/1101.
- 01:22:04 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:27:08 - Silva Rego, Carmen
- 01:27:16 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:32:18 - Silva Rego, Carmen
- 01:32:28 - García González, Patricia
- 01:37:21 - Silva Rego, Carmen
- 01:37:33 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:40:45 - Silva Rego, Carmen
- 01:41:10 - Votación [10:48:06]
- 01:41:28 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reactivar de forma urxente a ?Comisión Mixta para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 36 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde?. Expte. 4391/1101.
- 01:41:48 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:46:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:46:46 - Martínez Piñeiro, Ana
 01:51:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:51:17 - Sanchez Mendez, Luisa María
 01:54:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:54:22 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:57:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:58:02 - Votación [11:05:09]
- 01:58:36 : 11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a investir na reforma de tódolos espazos dos centros educativos públicos vigueses que o precisen, poñendo en marcha un plan plurianual. Expte. 4392/1101.
- 01:58:59 - Alonso Suarez, María Olga
 02:04:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:04:12 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:09:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:09:09 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:09:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:09:26 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:09:57 - Silva Rego, Carmen
 02:10:00 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:13:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:13:18 - Alonso Suarez, María Olga
 02:16:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:16:39 - Votación [11:23:51]
- 02:17:04 : 12. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a eliminar o copago obrigatorio do Concello de Vigo das Escolas Infantís de titularidade autonómica. Expte. 4393/1101.
- 02:17:35 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:22:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:22:45 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:26:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:27:02 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:31:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:31:53 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:34:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:35:12 - Votación [11:42:25]
- 02:35:54 : Moción de urxencia do grupo municipal do Partido Popular sobre a linea de alta velocidade Vigo-Porto
- 02:36:41 - Martín Peña, José Miguel
 02:37:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:37:32 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:38:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:38:32 - López Font, Carlos
 02:39:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:39:49 - Votación [11:47:01]
- 02:40:25 : 13. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a implantación das zonas de baixas emisións en Vigo. Expte. Pleno 4389/1101. Resolucións.
- 02:40:38 - Martín Peña, José Miguel
 02:45:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:45:59 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:51:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:51:45 - Rodríguez Calviño, Patricia
 02:56:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:56:49 - Martín Peña, José Miguel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 37 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:59:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:59:37 - Votación [12:06:50]

- 03:00:06 : 14. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/03/24 e o 22/04/24, incluídas no expediente 1670/1102. (Expte. Pleno 4386/1101).

- 03:00:21 : 15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/03/24 e o 22/04/24, incluídas no expediente 1671/1102. (Expte. Pleno 4387/1101).

- 03:00:35 : 16. Formulación de rogos.
- 03:00:55 - Abalde Comesaña, Filipe
- 03:01:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:01:16 - Martín Peña, José Miguel
- 03:01:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

- 03:01:42 : 17. Formulación de preguntas.
- 03:01:49 - Abalde Comesaña, Filipe
- 03:02:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:02:23 - Martín Peña, José Miguel
- 03:02:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:03:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e dez minutos (12:10) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 8/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Javier Pardo Espiñeira
M^a Carmen Silva Rego
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/08/2024 10:10	Páxina 38 de 38
4425-1101	CSV: A9AE5F-2HDCE6-212A4A-JHD8HG-CVEXRB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		